

**COLECCIÓN DE BOAS
PRÁCTICAS DE
EDUCACIÓN PARA O
DESENVOLVIMENTO
SUSTENTÁBEL**

nº 1



**Escolas cara
a SOSTIBILIDADE en REDE
(ESenRED)**





CRÉDITOS E LICENZAS

Catálogo de publicacións do Ministerio: <https://sede.educacion.gob.es/publiventa>
Catálogo xeral de publicacións oficiais: <https://cpage.mpr.gob.es>

Título: *Boas prácticas de educación para o desenvolvemento sustentábel. Escolas cara a sostibilidade en Rede - ESenRED*


Autor:
José Manuel Gutiérrez Bastida.



MINISTERIO DE EDUCACIÓN E FORMACIÓN PROFESIONAL
Secretaría de Estado de Educación
Subdirección Xeral de Cooperación Territorial e Innovación Educativa

Edita
© SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Subdirección Xeral de Atención ao Cidadán, Documentación e Publicacións

Edición: 2022
NIPO (liña): 847-22-052-7
Obra publicada con licenza *Creative Commons* Reconocimiento-Non-- Com-
partir baixo a mesma licenza 3.0
Maquetación: Pilar Hernández Gonzalo






COLECCIÓN DE BOAS PRÁCTICAS DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO SUSTENTÁBEL

Cada día é máis palpábel a necesidade de actuar para abordar os retos e desafíos que afrontamos como humanidade. As grandes desigualdades e a pobreza existentes, máis exacerbadas pola crise pandémica, e a crise climática e ambiental, nos interpelan como sociedade no relacionado cos nosos dereitos e obrigacións. A educación para o desenvolvemento sustentábel ten un papel fundamental na xeración de procesos que posibiliten transformar a nosa sociedade nunha máis xusta, inclusiva, pacífica e solidaria, e que nos permita promover melloras substanciais na forma de relacionarnos entre nós e coa contorna para manter o equilibrio cos límites planetarios, mellorando a inclusión a tódolos niveis para non deixar a ninguén atrás.

Nesta liña, a Declaración de Berlín sobre a Educación para o Desenvolvemento Sustentábel acordada na Conferencia mundial da UNESCO sobre a educación para o desenvolvemento sustentábel, subliña que a aprendizaxe transformadora das persoas e o planeta é necesaria para a nosa supervivencia e a das futuras xeracións. O momento de aprender e de actuar na defensa do noso planeta é agora. Esta óptica de ruptura con modelos tradicionalmente agresivos coas persoas e o planeta expón a necesidade de avanzar comprometidos como sistema educativo, mellorando as nosas prácticas, amosándoas e compartindo o coñecemento para poder ofrecer mellores solucións que nos faga avanzar á vez que transformamos a nosa escola e a nosa sociedade.

Esta colección de boas prácticas de educación para o desenvolvemento sustentábel ten vocación de ofrecer diferentes puntos de vista na mellora do plano pedagóxico, no das redes educativas, na contorna social e na acción da xuventude nos centros educativos. A comunidade educativa no seu conxunto é o pilar sobre o cal construír esta transformación necesaria para facer do noso planeta un lugar no que convivir, con esperanza, aprendendo dos nosos erros e coa seguridade de que os cambios son posíbeis e necesarios.





ÍNDICE

0. O noso proxecto	5
1. Quen somos?.....	6
2. O noso obxectivo.....	7
3. Paso a paso	8
4. Avaliamos.....	13
5. Conclusións	15
6. Anímaste?.....	17
7. Material complementario....	18



ES
en
RED



O NOSO PROXECTO

Enredando redes de escolas cara a sostibilidade

ESenRED é unha rede de redes de iniciativa pública, de centros educativos que traballan polo desenvolvemento competencial na sostibilidade do alumnado.

1. ESenRED

Rede de redes de centros educativos non universitarios que traballan pola sostibilidade promovidas por iniciativa de administracións públicas.

2. O NOSO OBXECTIVO

Desenvolver a educación ambiental para a sostibilidade e a cidadanía mundial para fortalecer ao alumnado fronte á crise ecosocial.

3. PASO A PASO

Os obxectivos marcan un camiño de intercambio, reflexión, avaliación, proxectos comúns entre as redes e vínculos con outras redes internacionais.

6. CLAVES INSPIRADORAS


O proxecto baséase en tres piares educativos: mozo educa mozo, mozo escolle a outro mozo e unha xeración aprende da outra.

4. RESULTADOS

Lógrase un gran impacto no alumnado e mailos seus docentes a través de proxectos comúns que producen transformacións ecosociais nas súas contornas próximas.

5. CONCLUSIÓN

Os éxitos das accións comúns alimentan o traballo de apoderamento para avanzar cara sociedades con maior xustiza social e ecolóxica.





1. QUEN SOMOS?



• Comunidade de prácticas

En 2011 créase ESenRED (Escolas cara a Sostibilidade en Rede), a rede de redes de centros educativos non universitarios implantadas a iniciativa de administracións públicas (CCAA, Concellos, Deputacións...). O seu obxectivo, a través da educación ambiental para a sostibilidade, céntrase en desenvolver no alumnado a adquisición de responsabilidades e o apoderamento ante a crise ecolóxica e social que sofre a vida do planeta.

Unha comunidade de prácticas que crea un traballo cooperativo a fin de desenvolver a cultura da sostibilidade nos centros escolares.

ESenRED é unha estrutura de rede de redes con intereses e obxectivos comúns, que se configura como unha comunidade de prácticas nas que tódolos seus membros teñen a posibilidade de actuar e responsabilizarse en clave de igualdade creando un traballo cooperativo na rede. ESenRED favorece o cambio e o avance das redes, ofrecendo un camiño para practicar a responsabilidade compartida, no que as persoas representantes de cada rede contribúen con funcións distintas, dando lugar a un liderado distribuído e compartido.

Nos seminarios do persoal técnico das diferentes redes que conforman ESenRED intercámbianse diversas experiencias e perspectivas, infórmase e débátese, expóñense dificultades, retos e obxectivos coa vocación de aprender e crecer colectivamente para mellorar os proxectos de cada rede e, por tanto, a dinámica cotiá dos centros educativos no que se refire á educación ambiental.

A súa vez, ofrece un marco de actuación a fin de aumentar a eficacia e a eficiencia das políticas educativas cara a innovación, a avaliación, a calidade e a cultura da sostibilidade.

A rede de redes é un espazo para a reflexión e o crecemento do nivel competencial do alumnado en sostibilidade, da súa formación en valores éticos ecosociais, do traballo cooperativo e a socialización, a autonomía e o emprendemento, a asunción de responsabilidades e compromisos individuais e colectivos.



Intercambio

Aprendizaxe
colectiva

Competencia en
sostibilidade



2. O NOSO OBXECTIVO

Os responsábeis de programas de educación ambiental teñen sempre presente a necesidade de intercambiar experiencias, de contrastar maneiras de facer, de aprender entre iguais ou de levar a cabo proxectos comúns co fin de mellorar a súa propia práctica e os programas que desenvolven. No caso de ESenRED, a culminación destas expectativas veu da man de tres fitos fundamentais na súa historia:

- A orixe de ESenRED ten as súas raíces na Conferencia Internacional Infanto-Xuvenil: Coide-mos do Planeta (CONFINT). Foi unha invitación, aló por 2009, dos Ministerios de Educación e Medio Ambiente de Brasil a escolares, mozos e mestres, membros de comunidades educativas do mundo a pensar e debater as graves cuestións ecosociais planetarias, a responsabilizarse fronte a elas e a comprometerse coas súas accións. Varias redes de centros educativos que traballaban pola sostibilidade lograron enviar unha delegación a Brasilia e daquela comezou unha relación que dura ata o día de hoxe.
- O 12 de abril, en Barcelona, constituíse oficialmente a *Xarxa d'Escoles per a la Sostenibilitat de Catalunya* (XESC). Paralelamente aos actos de presentación, a organización convocou a outras redes e programas a fin de facer unha proposta similar á que se levou a cabo: crear unha rede de redes estatal que propiciase o intercambio de experiencias e a realización de actividades comúns. A idea tivo boa acollida: replicar a nivel estatal unha rede de redes de centros educativos lideradas por administracións públicas. O Centro Nacional de Educación Ambiental (CENEAM), dende o primeiro momento, ofreceu a súa experiencia, recursos e espazos para favorecer a súa construción.
- Do 13 ao 15 de outubro de 2010, en Valsaín, sede do CENEAM, reuníronse por primeira vez representantes de diferentes redes e programas de educación ambiental promovidos por comunidades autónomas, deputacións provinciais e concellos. Alí se presentaron experiencias de cada rede, se identificaron e se compartiron problemáticas de cara a expor posíbeis solucións e se barallaron diferentes instrumentos para avanzar cara unha rede de redes.

Comeza a frutífera historia de ESenRED.





3. PASO A PASO

a) Relación coa Axenda 2030 e cos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentábel (ODS)

Os proxectos de educación ambiental das redes de ESenRED, ao tratar sobre os problemas eco-sociais que afectan ao planeta, están intimamente relacionados cos ODS.


Os ODS ofrecen aos proxectos a posibilidade de participar dun compromiso planetario. É unha oportunidade para que os centros escolares e as súas comunidades educativas poidan emprender unha nova forma de actuar coa que mellorar a vida de todos, sen deixar a ninguén atrás.

Os proxectos ofrecen aos ODS un escenario real e concreto, contextualizado no local. Un espazo onde adquirir visibilidade e onde multiplicar o seu eco en prol dun mundo ecoloxicamente máis sustentábel e socialmente máis xusto.

b) Obxectivos

ESenRED xurdiu cos seguintes obxectivos:

1. Facilitar o encontro, intercambio, colaboración e difusión entre as distintas redes de accións, recursos, materiais e ideas.
2. Promover a reflexión, avaliación e innovación sobre a propia práctica para construír colectivamente coñecemento en modelos de referencia.
3. Desenvolver proxectos comúns ou compartidos polas redes na procura dunha mellora permanente da aprendizaxe competencial do alumnado, a través do seu protagonismo participativo, así como a mellora permanente da competencia profesional do profesorado.
4. Establecer contactos, relacións e proxectos comúns con outras redes internacionais de escolas cara a sustentabilidade.





c) Metodoloxía

a. Principais contidos:

Os contidos que conforman os piares sobre os que se asenta o traballo de ESenRED no desenvolvemento dos seus obxectivos son os seguintes:

- **Liderado compartido.**
O persoal técnico das redes decide democraticamente e asume as diferentes tarefas que marca o Plan de Acción do curso e da conta do realizado na avaliación conxunta. É o pilar da organización de ESenRED.
- **Educación para o desenvolvemento sustentábel e a cidadanía mundial.**
O primeiro fundamento teórico da acción de ESenRED está relacionado cos valores e co respecto dos dereitos humanos, da sostibilidade, da cidadanía mundial, da igualdade entre xéneros, da equidade, da saúde, do respecto á diversidade, da cultura de paz, etc.
- **Responsabilidade.**
Os procesos que impulsa ESenRED nas súas accións comúns promulgan a adquisición de responsabilidades (do latín *respondere*, «*responder*», «dar resposta»), individuais e colectivas, para desenvolver unha mellora da calidade de vida local e planetaria en clave de sostibilidade.
- **Protagonismo e apoderamento do alumnado.**
O protagonismo do alumnado no seu proceso de aprendizaxe é a principal vía para o desenvolvemento das competencias educativas, a motivación e a conciencia social e ecolóxica que crea o apoderamento necesario para participar na vida pública e promover cambios ecosociais.





- **Acción transformadora**
ESenRED promove unha educación para a acción. A consecuencia directa dos procesos é a proposta e execución, por parte do alumnado, de accións transformadoras, en clave de sostibilidade, que cambian as súas realidades próximas, que contribúen a transformacións globais.

b. Competencias básicas traballadas

A educación ambiental para a sostibilidade precisa da comprensión da complexidade e do carácter sistémico e holístico das realidades ecosociais, especialmente dentro do fenómeno da globalización. Para iso é imprescindible o desenvolvemento de tódalas competencias claves que permitan ao alumnado sensibilizarse, adquirir coñecementos, tomar conciencia, xerar actitudes proactivas e actuar en prol dunha sociedade máis xusta socialmente e máis equilibrada ecoloxicamente. Isto permitiralle comprender e aceptar que vivimos nun planeta finito e moi degradado, coidar da equidade e da sostibilidade asumindo pautas de consumo responsábeis con tódalas formas de vida, sen que hipoteque o seu futuro, demandar cambios ás persoas e entidades con capacidade de decisión e actuar colectivamente para transformar a sociedade.

c. Liñas transversais

A educación ambiental para a sostibilidade, pola súa natureza, é un proceso transversal de ampla base interdisciplinaria. A educación ambiental fai visíbel una perspectiva ecosocial e non antropocéntrica mediante a cal se recoñecen os principios de ecodependencia e interdependencia que determinan a existencia humana, e la vida en xeral. Esta educación contribúe a desenvolver o pensamento crítico; a diversidade, sexa biolóxica, cultural ou de xénero; a necesaria creatividade; as diferentes formas de comunicación, etc., así como a igualdade de xénero, a educación para a paz, a educación para o consumo responsábel ou a educación para a saúde, entre outras.





d. Principais actividades:

O plan anual de traballo de ESenRED planifica as seguintes actividades:

1. Seminario: espazo de encontro, de intercambio, de información, de debate e de construción común do persoal técnico responsábel das redes.
2. A Conferencia de Mozos Coidemos o Planeta (CONFINT): proceso pedagóxico que afonda nos conceptos e valores como ecocidadanía, sostibilidade, democracia, responsabilidade e participación. Una acción educativa ambiental onde mozos de diferentes idades e rexións, países ou continentes aprenden e actúan conxuntamente e procuran o compromiso e a responsabilidade fronte á crise ecolóxica e social que sofre o planeta cun fin común: coidar a vida do planeta.
3. Simposio de Docentes de ESenRED: encontro anual de docentes das diferentes redes co obxectivo de intercambiar prácticas de éxito, formarse con importantes referentes da educación ambiental para a sostibilidade e realizar proxectos en común. Ata hoxe, realizáronse seis, cinco presenciais no CENEAM cunha media de 80 docentes e un virtual, en 2020, debido á situación derivada da pandemia.
4. Acción ESenRED 5 de xuño: con motivo do Día Mundial do Medio Ambiente, cada ano se propón aos centros unha acción educomunicativa común sobre algunha temática unida á actualidade como o cambio climático, os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentábel (ODS), a mensaxe ás persoas con capacidade de decisión da COP25 ou a vacina necesaria para cambiar o mundo na pandemia da COVID-19.





e. Planificación:

As catro actividades citadas celébranse ao longo do curso. O Seminario ten carácter anual e se desenvolve en outono, no CENEAM. Tamén, o Simposio de Docentes se desenvolve anualmente e se celebra no CENEAM, durante a primeira semana de xullo.

A Acción ESenRED 5 de xuño e anual e converxen no Día Mundial do Medio Ambiente.

A CONFINT, pola súa parte, ten carácter bienal e se celebra na comunidade autónoma da rede que acolla a súa organización. Ata agora, leváronse a cabo cinco: Vitoria-Gasteiz (2012), Barcelona (2014), Logroño (2016), Alcaraz (2018) e Guadarrama (2021).

f. Participantes / Colaboradores:

ESenRED, en 2021, está integrada por:

- 16 redes de 15 CCAA: Deputación de Albacete, C.A. de Andalucía, C.A. de Principado de Asturias, C.A. de Canarias, C.A. de Catalunya, C.A. de Illes Balears, C.A. de La Rioja, Madrid (concello), C.A. de Madrid, C.A.R. de Murcia, C.F. de Navarra, C.A. de País Vasco, Deputación de Palencia, Deputación de Valladolid, C.A. Valenciana e C. A. de Ceuta.
- 4.225 centros educativos de ensinanza non universitaria.
- Máis de 1.500.000 estudantes.
- Máis de 100.000 docentes.

ESenRED ten acordos de colaboración co CENEAM (Centro Nacional de Educación Ambiental).





4. AVALIAMOS

A avaliación é o eixe de ESenRED. É un elemento clave na organización e no funcionamento da rede de redes.


Avalíanse tódalas accións realizadas a través de ferramentas e dinámicas diversas. Todo isto ofrece un espello onde mirarse e ver por onde hai que avanzar, por onde mellorar, que deixar ao carón, etc. Amais, estas tarefas supoñen exercicios de autorregulación e correulación do traballo de cada rede e de cada proceso emprendido.

a) Puntos fortes e oportunidades

- A experiencia acumulada en tódalas redes.
- O intercambio de experiencias e aprendizaxe entre iguais.
- As sinerxías para realizar proxectos comúns, esperanzas, estratexias, e pertenza a un grupo cun obxectivo común que apoia a quen comeza.
- O recoñecemento de docentes e alumnado pola labor realizada ata agora.
- A capacidade de darlle voz e ofrecer escenarios de decisión real ao alumnado, o protagonismo, o apoderamento e a súa acción transformadora colectiva.
- Cada escola ten un proxecto propio, contextualizado, pero cun eixe fundamental compartido e liñas de acción comúns.
- A propia diversidade de tipos de redes, de enfoques e proxectos é outro punto forte.
- Os proxectos compartidos con ministerios e as alianzas con outras entidades ([#EA26](#), [RE-DEEA](#), [UNESCO](#),...).

b) Puntos débiles, obstáculos


- Faltan territorios e comunidades autónomas que non están representadas na rede, aínda se requiren esforzos neste sentido.
- A organización apoia no voluntarismo e compromiso do persoal técnico das redes. ESenRED creceu moito e require dunha estrutura organizativa estábel, (secretaría técnica) que de unha resposta rápida a cuestións máis administrativas relacionadas coa rede.
- Non hai un protocolo de acollida ás novas redes, aínda que se utilizan «redes madiñas».
- Ausencia de entidade xurídica, o que fai depender a ESenRED das distintas administracións que soportan cada unha das redes.
- Cambios unidos ao tempo, uns debidos á precariedade dalgúns postos técnicos e outros consecuencia de decisións políticas en torno aos programas das redes.





c) Aspectos innovadores

- Traballo na rede, nunha rede horizontal con reparto de responsabilidades.
- Compártense os liderados.
- Os proxectos comúns.
- As melloras nos proxectos de cada rede.
- A inclusividade, as novas redes acollidas comezan o seu recorrido dende o principio de igualdade en achegas e responsabilidades que as demais.
- Estes proxectos propoñen romper a obsoleta organización dos centros educativos promovendo traballos e reflexións entre iguais e entre desiguais, interniveis e interxeneracionais.
- Creación dunha estrutura estatal de apoio aos centros educativos para desenvolver un traballo en educación cara a sostibilidade.
- Diversidade de formulacións baixo o enfoque común do traballo dos ODS.





5. CONCLUSIONES

A década larga que xa cumpriu ESenRED amosa as conclusións dunha historia extraordinaria e marabillosa.


A emoción, a intensidade e as ganas de cambiar as cousas para facer un mundo mellor e máis sustentábel de miles de estudantes, o entusiasmo de innumerables docentes que desexan cambiar a súa forma de ensinar para cambiar o mundo, o compromiso das administracións públicas que están detrás das redes e a responsabilidade do persoal técnico, fixo posíbel un relato impresionante e insólito que nunca antes se dera no sistema educativo do país. Unha crónica que comeza na presentación da Conferencia Internacional Infanto-Xuvenil Coidemos o Planeta, no VI Congreso Iberoamericano de Educación Ambiental, que segue co encontro na inauguración da XESC, en Barcelona, e coa primeira reunión no CENEAM para asentar as bases deste relato.

Aquelas redes, co paso dos anos, fixeron de nodos aos que se engadiron outras novas, aínda que tamén quedou algunha polo camiño.

Este esforzo compartido conseguiu celebrar doce seminarios de persoal técnico no CENEAM incluído o seminario de 2020 que se realizou en liña debido á crise sanitaria.

Centos de CONFINT Escolares se desenvolveron por toda a xeografía, realizándose decenas de CONFINT Autonómicas e 5 CONFINT Estatais. Colaborouse na organización e participouse en 4 CONFINT Europeas, xunto cunha ducia de países.

Tamén cabe sinalar que se organizaron e desenvolveron 6 simposios de docentes de ESenRED, contando con referencias notábeis da educación ambiental, intercambiando experiencias, aprendendo entre iguais nun ambiente excelente, no CENEAM.






ESenRED tamén compartiu a súa experiencia en diversos foros nacionais e internacionais entre os que salientan o [7º Congreso Internacional de Educación Ambiental](#) (WEEC, polas súas siglas en inglés) (2013, Marrakech), o [V Congreso Internacional de Educación Ambiental](#) (2015, Madrid) ou as 3ª Xornadas PAN-Europeas da Educación Ambiental cara a Sostibilidade (2015, Barcelona).

ESenRED, coa responsabilidade e compromiso dos seus integrantes, traballa para superar os obstáculos e os puntos débiles e para continuar construíndo os inéditos viábeis dos que nos falaba Paulo Freire, ou ben para traballar nas fronteiras do posíbel, imaxinar o imposíbel e confiar no improbable, en palabras de María Novo.

As recentes alianzas co Ministerio de Educación e Formación Profesional, as perspectivas da nova lei de educación, a oportunidade dos ODS, as novas conexións coa Axenda Urbana Española e outras, crean renovadas oportunidades para colaborar na transformación cara unha sociedade máis sustentábel ecoloxicamente e máis xusta socialmente, no contexto da estabilidade organizativa que procura ESenRED. Isto, sen dúbida, estimulará o desenvolvemento competencial docente na educación ambiental para a sostibilidade e, no alumnado, o progreso na súa competencia para a cidadanía mundial, en clave de sostibilidade.






6. ANÍMASTE?

Non é doado especificar unha serie de elementos inspiradores que poidan servir de referencia a outras experiencias similares. Porén, o que si axudou a construír ESenRED son varias ideas forza sobre as que se cimentaron os novos procesos e aprendizaxes e un recoñecemento educativo ambiental importante. As ideas non varían moito do que é crear un centro educativo comprometido coa cultura da sostibilidade ecolóxica e a xustiza social; e do traballo na rede. Son estas:

1. Persoas indignadas e responsabilizadas ante a crise ecosocial global. Persoas competentes para traballar na rede, capaces de traducir esa responsabilidade en ganas de atoparse, de reunirse, de organizar pequenas estruturas, de querer aprender e compartir experiencias, de querer facer proxectos en común, de crear bo ambiente, etc.
2. Unha organización horizontal que favoreza a cultura da participación activa, que permita compartir liderados e responsabilidades, que responda ás necesidades do grupo, que sexa flexíbel e non un obstáculo, que sexa áxil á hora de tomar decisións, que avalíe constantemente os seus procesos e acordos.
3. Formación continua. Tanto coa aprendizaxe entre iguais como a partir das referencias do campo da educación ambiental dende a perspectiva ecosocial.
4. Proxectos comúns. É importante que, amais dos procesos de formación e de compartir experiencias e programas, se leven adiante proxectos comúns que mobilicen ao maior número posíbel de redes e persoas nun fin colectivo.
5. Avaliación. A avaliación é o motor de todo proceso que queira avanzar e mellorar o desenvolvemento dunha cultura da sostibilidade. A avaliación debe ter en conta os procesos tanto ou máis que os resultados, porque neles están as claves para futuros proxectos. Neste contexto, a autorregulación persoal ou de rede e a correulación entre as persoas e redes é clave.
6. Educomunicación. É imprescindible comunicar as fases dos procesos, facer visíbel o realizado, tanto para asegurar o propio coñecemento como para comunicar fóra das redes o que se está levando a cabo.

En definitiva, a idea que inspira a ESenRED como rede de redes é a frase de Eduardo Galeano:

«Moita xente pequena en lugares pequenos,
facendo cousas pequenas, poden cambiar o mundo».
E niso estamos.





MATERIAL COMPLEMENTARIO:

[Bastida, J. M. G. \(2014\). La CONFINT y ESenRED: Crisoles de aprendizaje hacia la Eco-ciudadanía. Boletín del CENEAM.](#)

[Benayas, J., & Mercén, C. \(2019\). Hacia una Educación para la Sostenibilidad. 20 años después del Libro Blanco de la Educación Ambiental en España. Informe 2019.](#)

[Bianchi, C. S. T. \(2016\). Programa Nacional Escolas Sustentáveis: o fluxo de uma ideia no campo das políticas públicas de educação ambiental.](#)

[Cruz, L. C. D. \(2012\). Uma educação ambiental da juventude? Avaliação da política pública: Vamos Cuidar do Brasil com as Escolas-Conferências Infanto Juvenis pelo Meio Ambiente no Ceará.](#)

[del Álamo, J. B., Albero, C. M., Hidalgo, D. A., & Bastida, J. M. G. \(2017\). Educación para la sostenibilidad en España: Reflexiones y propuestas. Fundación Alternativas.](#)

[Freire, P. \(1993\). Pedagogía de la esperanza: un reencuentro con la pedagogía del oprimido. Siglo XXI.](#)

[Gutiérrez Bastida, J.M. \(2012\). La CONFINT, una conferencia internacional de jóvenes para cuidar el planeta. Boletín del CENEAM.](#)

[Gutiérrez Bastida, J.M. \(2015\). CONFINT: aportación al desarrollo competencial y medioambiental del alumnado. V Congreso Internacional de Educación Ambiental. 12-15 de marzo de 2015, Madrid.](#)

[Gutiérrez Bastida, J.M. \(2020\). La CONFINT hace frente al cambio climático. respuestas de la juventud ante el calentamiento global. Índice de contingut, 171](#)

[Herrero, Y. \(2011\). Redes de cooperación entre A21E: aprender de la naturaleza. IDEAS: Iniciativas de educación ambiental para la sostenibilidad \(pp. 235-250\). UNED–Universidad Nacional de Educación a Distancia.](#)



Concienciar
às persoas

Coidar o
planeta

Transformar
o mundo no
que vivimos



Martínez, J. M. M. (2017). [Estudio de caso sobre la relación entre redes sociales y escuela en los procesos de aprendizaje](#). *Revista UNES. Universidad, Escuela y Sociedad*, 46-62.

Matos, Z. M. R. D. (2010). [Juventude, políticas públicas de meio ambiente e educação ambiental: Um estudo do Coletivo Jovem de Meio Ambiente-Salvador-Bahía-Brasil](#).

Novo, M. (2020). Lo posible, lo imposible y lo improbable.

Rebollo, T. A. (2019) [Aportes prácticos desde la filosofía, la psicología y la neurociencia para generar cultura de la sostenibilidad desde la educación ambiental en un contexto de ODS, emergencia climática y ciudadanía global](#). *Índex de contingut*, 40.

Rodrigo-Cano, D., Picó, M. J., & Dimuro, G. (2019). [Los Objetivos de Desarrollo Sostenible como marco para la acción y la intervención social y ambiental](#). *RETOS. Revista de Ciencias de la Administración y Economía*, 9(17), 25-36.

Stornaiuolo, A., Dizio, J., & Hellmich, E. A. (2012). [Desarrollando la comunidad: jóvenes, redes sociales y escuelas](#). *Comunicar: Revista científica iberoamericana de comunicación y educación*.

[Blog ESenRED Lloc](#)

[Sitio web: CONFINT](#)

